



Aprobada a moción de Veciñanza para a recuperación dos treitos abandonados na N640

O pleno do pasado xoves aprobou por unanimidade a proposta de Veciñanza para que o Goberno Municipal reclame ante o Ministerio de Fomento as cantidades estipuladas para os treitos de estradas nacionais que, con motivo dun novo trazado, pasaron a converterse en vías urbanas.

Cuntis, 30 de novembro de 2019. Segundo o acordo plenario do pasado xoves, agora será o Goberno Municipal o que terá que redactar un proxecto para a recuperación das áreas da 'gasolinera vella' e do Pinal, polas que discorría o trazado orixinal da N640 e que agora pasaron a ser travesías urbanas, segundo a propia terminoloxía do Ministerio de Fomento. Para estes casos, dous decretos (un do ano 2001 e outro do ano 2005) establecen as cantidades económicas correspondentes en función da lonxitude, e correspóndenlle aos concellos que as soliciten, mediante a presentación dun proxecto, as axudas económicas pertinentes.

Veciñanza lamenta que pasaran tantos anos sen que ningún dos gobernos municipais que pasaron pola Corporación Municipal fosen quen de aproveitar estas axudas públicas, sumindo nun estado de semi-abandono as citadas áreas. O aproveitamento destas axudas mediante un proxecto de remodelación adecuado permitiría intervir sobre a accesibilidade, integralas no casco histórico, adecentar esteticamente a entrada sur ao casco urbano e mesmo estudar as posibilidades de aproveitar os espazos como alternativa para o estacionamento, que é unha das carencias máis graves que ten nestes momentos o casco urbano de Cuntis (a vila do Baño).

Veciñanza continúa a súa actividade na Corporación co obxectivo de ofrecer proxectos, ideas e alternativas viables e proveitosas para o desenvolvemento do municipio, con propostas concretas que poden mellorar as condicións de vida dos veciños/as e aproveitar o todo o atractivo de cara aos/ás visitantes. En palabras do voceiro municipal de Veciñanza, Santi Martínez, no pleno do pasado xoves, "*agardamos que a aprobación por unanimidade desta iniciativa non pase ao caixón do esquecemento, igual que van outras moitas mocións que se aproban nos plenos. Agardamos que o PSOE saiba encamiñar un proxecto que contribuiría de maneira moi positiva a solventar carencias estruturais nunha área moi aproveitable, como é a saída da rúa Bernardo Sagasta, que logo da última reforma quedou infra-aproveitada. O goberno pode contar coa nosa aportación para contribuír en proxectos beneficiosos para Cuntis*".

